



F

E

DEZ RAZÓNS
PARA
VIRTE
ARRIBA

R

R

O

L



As vivendas estaban destinadas á burguesía ferrolá. Son casas de dúas ou tres alturas, con amplos miradoiros, balcóns e galerías acristaladas de madeira lacada en cor branca, inspiradas nas que cubrían a popa dos barcos. Desde Ferrol, estas galerías estendéronse ao resto de Galicia.

A principios do século XX, o arquitecto Rodolfo Ucha incorporou ao barrio numerosas edificacións de estética modernista. Nas súas rúas atopamos algúns dos monumentos máis emblemáticos de Ferrol, como o teatro Jofre, a concatedral de San Xiao, a peixería ou a Casa do Concello.

1

O BARRIO DA MAGDALENA

Ten a súa orixe no século XVIII, cando Carlos III aprobou a súa construción pois a poboación crecía rapidamente atraída polos empregos que xeraban o arsenal militar e o estaleiro real. Hoxe é o centro da cidade e nel están a Casa do Concello e unha parte importante dos servizos culturais, comerciais e de hostalaría. Semipeonil, o barrio foi declarado Conxunto Histórico-Artístico en 1983.

A Magdalena presenta seis rúas paralelas, cortadas por nove transversais tamén paralelas. Forman unha cuadrícula con dúas prazas cadradas nos extremos: Amboage e Armas. Desde o aire, o seu deseño racionalista, obra de enxeñeiros navais, lembra a forma dunha “tableta de chocolate”.





2

O MODERNISMO

Percorrer as rúas de Ferrol ofrece a veciños e visitantes a posibilidade de coñecer o Modernismo, un movemento artístico do que se conservan na cidade numerosos edificios, e do que é referente o que foi arquitecto municipal nos primeiros 40 anos do século XX, Rodolfo Ucha Piñeiro.

A obra do arquitecto Rodolfo Ucha pode seguirse a través dos vinte e oito edificios –identificados cunha pequena placa na fachada– que levan a súa sinatura. Todos eles permítenos coñecer o estilo modernista galego e a súa evolución cara ao Novo Eclecticismo.

Son dezasete inmobles levantados entre os anos 1909 e 1916, que representan o estilo modernista e, á par deles, once construcións de corte máis sobrio pero monumental que definen a corrente neoecléctica que Ucha desenvolveu nunha etapa posterior, entre os anos 1918 e 1927.



Polas súas funcións militar e industrial, o Arsenal divídese en dous: o Arsenal do Parque, a parte occidental, e o Arsenal dos Diques, ambos con senllas portas monumentais. No interior do recinto destacan a Sala de Armas, pechada ao norte polo antigo Cuartel de Instrución; o Dique da Campá,



O ARSENAL

Baixo a dirección de diversos arquitectos e enxeñeiros militares constrúese no século XVIII o Arsenal de Ferrol, que se converte nunha das empresas máis difíciles da España da Ilustración e que vinculará a cidade desde entón cos vaivéns da construción naval e as complexas decisións do Estado.



construído no século XIX e que foi un dos máis grandes do mundo na súa época; o edificio de Herrerías, que acolle o Museo da Construción Naval; e o Museo Naval e a Biblioteca da Zona Marítima do Cantábrico, instalados no antigo cárcere de San Campio. O Arsenal está declarado Ben de Interese Cultural.



A orixe de Ferrol Vello é anterior ao ano 1087, cando aparece a primeira referencia escrita co nome «Ferrol». A cidade naceu neste enclave portuario que hoxe se coñece como Ferrol Vello. Ata mediados do século XVIII, Ferrol non se estendía moito máis alá dos límites actuais deste singular barrio.



FERROL VELLO

Ferrol Vello é un fascinante barrio que remonta as súas orixes ao primeiro asentamento da cidade, onde se atopaba un castro marítimo. Hoxe en día, este pintoresco lugar conserva un trazado medieval de rúas estreitas, tascas mariñeiras e prazas tradicionais, atraendo a quen desexa viaxar ao pasado e mergullarse na rica historia de Ferrol.

4

Un dos lugares máis emblemáticos de Ferrol Vello é o seu pequeno porto que segue a ser o punto de encontro para os amantes das viaxes e as actividades náuticas, que conviven co porto comercial. Dende aquí parte o Camiño Inglés a Santiago. O barrio iniciou hai poucos anos un proceso de rehabilitación

urbana que aínda está en marcha. Os visitantes poden pasear polos seus rueiros, admirar as vivendas mariñeiras e visitar lugares emblemáticos como a praza Vella e a fonte da Fama, construída en 1787. Outro punto de interese é a batería de San Juan, cuxo miradoiro ofrece espectaculares vistas da ría. A

tradicional lancha de Mugardos fai viaxes diarias (no verán) a esta vila próxima.



No ano 1557 comeza a construción do castelo, auspiciada por Felipe II, do que toma o seu nome. Con todo, o edificio que hoxe conservamos é do século XVIII, data na que foi remodelado. As obras maiores do castelo foron rematadas finalmente en 1775. Nesa época estaba considerado un

exemplo de batería fortificada. Este deseño dispoñía, por unha banda, dunha zona de baterías de canóns dirixidos ao mar; e, por outra, contaba cun sistema de baluartes –ou muros saíntes– cubrindo os flancos das cortinas (os muros frontais). Estes baluartes servían para rexeitar tamén os ataques por terra.

San Felipe, en constante proceso de restauración, sorprende aos visitantes tanto polo seu esquema construtivo como polas fermosas vistas da ría que se obteñen desde a súa localización.



5

CASTELO DE SAN FILIPE

É a edificación militar máis importante de Ferrol, construída por iniciativa de Felipe II a mediados do século XVI. Situada enfronte do Castelo da Palma (na outra beira da ría) e do desaparecido castelo de San Martiño, as tres fortificacións converteron a Ría de Ferrol en inexpugnable.





Museo da Construción Naval de Ferrol está localizado no edificio de Herrerías, construído no século XVIII e restaurado no XXI mantendo a súa estética orixinaria. Neste antigo espazo industrial había trinta e dous fraguas –e no medio, catro moi grandes para a composición de áncoras–, e nel chegaron a



6

MUSEO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL

Este impresionante museo, dedicado a presentar o apaixonante mundo da construción naval, é o resultado do traballo de moitas persoas que aportaron non só os seus coñecementos senón tamén o seu amor por esta tecnoloxía. Un magnífico edificio do século XVIII acolle unha exposición técnico-científica de alto nivel, única en España.

traballar xuntas 386 persoas. O museo é un espazo de encontro entre a sociedade, a industria e a comunidade científica e pretende conservar e protexer os obxectos que, pola súa importancia histórica, son xa parte do patrimonio ferrolán. No museo pode verse a evolución dos estaleiros e os barcos

no tempo, as vellas formas de construción artesanal de buques e os diversos oficios e tecnoloxías necesarias nesta industria durante os dous últimos séculos. Tamén o pecio da fragata *Santa María Magdalena*, rescatado nos anos 70 do século XX, 200 anos despois do seu afundimento na ría de Viveiro.





7

PRAIAS

Mares para todos os gustos. Os amantes da praia e dos deportes náuticos (especialmente o surf) teñen en Ferrol moito onde escoller: extensos areas de mar aberto, de fina area branca e pouco urbanizados —todos eles situados en paraxes de alto interese natural e paisaxístico—, mansas augas de ría ou pequenas calas solitarias.

En Ferrol son numerosas as praias extensas de fina area branca nas que gozar da natureza e o mar. Son praias de gran beleza, en forma de media lúa e de vexetación case virxe. Hai tamén praias de ría, que son máis pequenas e de augas tranquilas. Ademais, están preto de núcleos de poboación, polo que contan con

máis servizos. Cinco praias (A Fragata-O Pareixal, Caranza, Doniños, Esmelle e San Xurxo) contan coa bandeira azul, que se outorga pola calidade das augas, a dotación de servizos e a súa seguridade e accesibilidade, e a boa xestión ambiental da praia e a súa contorna. Por todo o litoral atópanse tamén calas con encanto e pouca ocupación.





8

ESPAZOS NATURAIS

O litoral de Ferrol forma parte da Costa Ártabra, espazo natural protexido como Lugar de Importancia Comunitaria. No interior, o visitante goza dunha paisaxe na que se funden montes e vales de natureza salvaxe. En Ferrol atopamos as máis fermosas vistas panorámicas. Nos miradoiros naturais da costa vemos, no inverno, a loita das ondas contra os cantís e, no verán, apracibles postas de sol.

A variedade de paisaxes é espectacular. Por exemplo, na saída da ría podemos achegarnos ao faro de Poriño Chico. É un lugar de gran beleza natural, ideal para presenciar o solpor. En días claros pódese ver desde el A Coruña e todo o Golfo Ártabro. Moi cerca, cara ao norte, está o cabo

Poriño co seu faro. Desde el, as paisaxes marítimas e a inmensidade do Atlántico impresionan. Pode facerse camiñando un sendeiro litoral que comunica este faro co castro de Lobadiz, en Doniños, mentres divisamos os areais de Covas e San Xurxo. Doniños –unha praia fermosísima– é o nome dun val fértil.

No seu encontro co mar aparece a lagoa de Doniños, de auga doce e flanqueada por dunas, declarada zona húmida de interese nacional polas súas comunidades vexetais. É un ecosistema de enorme interese ecolóxico. Tamén no interior da ría atopamos espazos de moito valor e gran beleza paisaxística.

Declarada de Interese Turístico Internacional, a Semana Santa Ferrolá remóntase ao século XVIII e é a máis espectacular de Galicia. En nove días aglutina máis dunha vintena de procesións, exposicións e eventos culturais. A Noite das Pepitas (o 18 de marzo, véspera de San Xosé),



TRADICIÓNS, CULTURA E DEPORTE

A Semana Santa de Ferrol, declarada de Interese Turístico Internacional; e a Noite das Pepitas, festa de Interese Turístico de Galicia, son as dúas tradicións con máis sona da cidade, aínda que hai moitas máis. Os espazos culturais —o teatro Jofre e o auditorio de Ferrol, pero tamén outros públicos e privados— ofrecen unha programación anual practicamente ininterrompida.



as rondallas ferrolás –bandas de instrumentos de corda e coros de voces– saen ás rúas a celebrar a beleza das mulleres ferrolás cantándolles baixo os seus balcóns, para finalmente xuntarse na praza de Armas, onde brindan un espectáculo de vals e habaneiras. Nos últimos anos, un festival de arte urbana uniuse ás

tradicións da cidade. Son as Meninas de Canido que acollen nunha fin de semana a un elevado número de artistas que utilizan edificios e espazos nas rúas do barrio de Canido para pintar as súas obras. Ferrol participa tamén das tradicións galegas e celebra cada ano o Entroido, a noite de San Xoán e o Samaín,

xunto con moitas outras tradicións locais como a romaría de Chamorro cada luns de Pascua. Todas as fins de semana pode gozarse en Ferrol de competicións deportivas de elite e profesionais (fútbol, baloncesto, surf e deportes náuticos, entre outros).

O produto fresco da ría de Ferrol e doutras galegas –moluscos e crustáceos como os percebes, o polbo, as ameixas, as navallas, as zamburiñas, os mexillóns ou as nécoras e unha variedade enorme de peixe– é, sen dúbida, a oferta estrela dos mercados da cidade e de moitos establecementos comerciais



e no comercio galego. A hostalaría e os seus clientes beneficianse moi notoriamente da utilización deses produtos de calidade e proximidade. Unha tarde de compras é sempre recomendable. En Ferrol atoparás moi coidados comercios, vellas tendas históricas e gran variedade de opcións a gusto de todos.

GASTRONOMÍA, HOSTALARÍA E COMERCIO

Ferrol é terra de bo comer e beber. No centro da cidade, e tamén nos seus barrios, atopará o visitante mesóns e tabernas, restaurantes de cociña galega tradicionais e tamén de nova cociña. Xunta eles, comercios gastronómicos, tres mercados municipais con produtos frescos e tendas gourmet, hoteis con encanto situados en contornos magníficos e comercios históricos que sorprenden ao viaxeiro.

e, por suposto, hostaleiros. A eles súmanse as carnes e as verduras galegas, a maioría procedentes de explotacións agrarias e gandeiras de pequeno tamaño en municipios próximos á cidade. Tamén os doces e os queixos de elaboración artesá. O que hoxe chamamos produto de quilómetro cero é unha tradición na cociña



FERROL



**Deputación
DA CORUÑA**



SINTE A MORRIÑA
#morriñaferrol

3RI SOCIEDADE
MIXTA DE
TURISMO
DE FERROL

 [concellodeferrol](#)  [Concellodeferrol](#)  [concellodeferrol](#)